

Entrevista | Luis Lamela García

ESCRITOR E INVESTIGADOR

«Europa é unha garantía de que a democracia sobrevivirá»

O historiador, nacido en Corcubión, repasa a súa vida e as motivacións que o levaron a publicar textos recuperando o pasado. E tamén analiza o momento actual

Eduardo Eiroa

CEE

■ Luis Lamela é un corcubionés que vive a caballo entre A Coruña e Fisterra. Vive tamén a caballo entre os anos da Guerra Civil e da posguerra e actualidade. Viaxa sempre que pode aos arquivos oficiais para sacar deles, con palabras, historias de seres desaparecidos hai tempo. Desaparecidos non, feitos desaparecer.

—Pero o de escritor non é profesión, porque vostede vén dun mundo ben distinto, o da banca. Cónteme como arranxa a súa historia.

—Eu nacín en Corcubión e estudei na escola do Pósito e logo no Fernando Blanco. Aos 18 anos marchei a A Coruña a facer Náutica. Ao acabar a carreira fixen oposicións a Caixa Galicia e saqueinas.

—Non ten moito que ver cos seus estudos.

—Pedín unha excedencia de seis meses para probar o que era o mar.

—E non lle gustou moito porque non volveu.

—Si que me gustou, estiven ese tempo traballando en cruceiros turísticos polo Caribe, por Estados Unidos. Pero

o acabar a carreira casei, e quedei en terra.

—Na banca toda a vida.

—E ao principio foi difícil porque non tiña formación específica. Logo pasei por distintos cargos, nun movemento constante. Nunca lle tiven medo aos cambios.

—¿E como xurde nese contexto o interese pola historia recente?

—Empecei publicando entrevistas a xente de aquí, cousas sobre os castros, sobre os problemas das rías, sobre as escolas fundadas por emigrantes. E cheguei así ata Pepe Miñóns, un personaxe que non coñecía. El levoume ata a Segunda República e quixen facer algo máis extenso.

—Seguro que investigar aos perdedores da Guerra Civil non foi sinxelo.

—Sempre crin que as miñas afeccións, sendo o roxo da empresa, poderían prexudicarme. Non estaba ben visto o que eu escribía. Por entón (finais dos 80) só había un oudous recuperando a memoria histórica.

—¿Houbo moitas portas pechadas para facer as súas investigacións?

—Custoume, pero logrei acceder aos arquivos. Sempre me dicían: «De esas cosas no se habla».

—Póñame un exemplo de esas dificultades.


—No Tribunal Militar pedín a causa de Pepe Miñóns. Díxéronme que non existía. Fun ao arquivo da prisión de A Coruña. Primeiro negábanme a entrada, dicían que había sete portas polo medio. Alí atopei a ficha de Miñóns. Con eses datos fun ao Archivo Histórico Nacional, logo ao da Dirección General de Policía, e alí acadei o número da causa, co que volví ao Tribunal Militar para vela. E ma deron.

—¿Que sente un cando recupera historias do pasado?

—Vives as traxedias, ves cousas que che fan sufrir. Les as súas propias liñas relatando os seus sufrimentos. Descubrín un mundo moi dramático dunha xeración moi cercana.

—¿Que queda vivo de todos aqueles tempos?

—Nos que sufriron non queda odio. O que non queren é perdoar. Nin perdoan nin esquecen. Teñen desexos de coñecer as cousas, débenllo aos seus antepasados, aos



CASAL

Luis Lamela, nun acto celebrado en Vimianzo

que lles quitaron a dignidade tantos anos.

—Dígame como ve a sociedade actual.

—Estase dando unha situación moi parecida a que levou ao 36, a que pasou coa República, coa mesma crispación, cos mesmos que provocaron antes o desorde. A diferenza é que agora a situación económica é distinta e que está Europa, que é un freo e unha garantía de que a democracia ten que sobrevivir, de que so-

brevivirá.

—¿E como ve a Costa da Morte?

—A Costa da Morte é progresista. As forzas de esquerdas son máis numerosas. O PP, na comarca, só gañou en Cabana e en Fisterra, que é unha sociedade matriarcal e por iso conservadora. Pero hai cousas que teñen que cambiar: non hai ansias políticas, a sociedade non presiona, e iso é un mal endémico.